CONCURSO PARA O DESEÑO DUN LOGOTIPO CONMEMORATIVO 50-125 EEI

A Escola de Enxeñaría Industrial (EEI) da Universidade de Vigo celebra máis dun século de historia construíndo enxeñería industrial e conmemora o dobre aniversario dos seus dous grandes piares: A Escola Universitaria de Enxeñaría Técnica Industrial (EUETI) e a Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Industriais (ETSEI).

No curso 2026-27, cúmprense 125 anos do inicio dos primeiros estudos de industriais, que deron paso á posterior creación da EUETI. Neste curso tamén se cumpren 50 anos da creación da ETSEI, que asentou os estudos de Enxeñaría Industrial na nosa cidade. Froito destas dúas escolas, no ano 2011 créase a actual Escola de Enxeñaría Industrial.

Con motivo da celebración destes aniversarios, a EEI convoca o presente concurso para o deseño do logotipo corporativo conmemorativo, que se empregará nos actos, eventos e materiais relacionados con ditas efemérides.

BASES DO CONCURSO

1. Obxecto

Deseño dun logotipo destinado a ser a imaxe representativa da conmemoración do **50-125 aniversario**, para o seu uso na páxina web da EEI e noutros documentos, soportes e materiais vinculados aos actos conmemorativos.

---

2. Participación

Poderá participar todo o persoal da EEI (estudantado, PTXAS e PDI) que se atope en activo na data de peche de recepción dos deseños, así como as persoas egresadas da Escola.

---

3. Número de propostas

Cada participante poderá presentar un máximo de **dúas propostas** de deseño do logotipo.

---

4. Requisitos do deseño

O logotipo deberá reflectir e respectar o **manual de identidade visual corporativa da Universidade de Vigo**, sendo coherente coas marcas institucionais principais (escudo e/ou logotipo acompañados da denominación “Universidade de Vigo”).

O logotipo conmemorativo **non poderá conter ningún elemento ou parte do escudo ou logotipo institucional actual** da Escola de Enxeñaría Industrial.

5. Convivencia coa marca institucional

Deberá terse en conta que o logotipo conmemorativo irá sempre acompañado da **marca institucional da Universidade de Vigo**, polo que no seu deseño deberá contemplarse a convivencia harmónica de ambas as imaxes. Dita concorrencia visual deberá plasmarse dentro do documento "memoria.pdf".

6. Técnica

A técnica será libre, tendo en conta que o logotipo haberá de ser reproducido posteriormente en distintos soportes e materiais.

7. Orixinalidade e dereitos

Todos os deseños presentados deberán ser **orixinais e inéditos**, non tendo sido premiados con anterioridade noutros concursos, ou publicados en páxinas web o calquera outro medio dixital ou impreso.

As persoas participantes responsabilízanse totalmente de ser as únicas autoras das obras presentadas, de que non existan dereitos de terceiros, así como de calquera reclamación por dereitos de imaxe sobre os deseños presentados ao concurso.

O deseño gañador poderá ser adaptado polo equipo técnico da Universidade para o seu uso final.

8. Envío de propostas

As propostas deberán enviarse ao seguinte enderezo de correo electrónico: concursologo.ingenieria@uvigo.gal.

9. Condicións de envío

No asunto da mensaxe deberá aparecer o texto: **"Concurso para o deseño do logotipo conmemorativo 50-125 EEI"**

No corpo da mensaxe **non deberá figurar ningún texto nin referencia á autoría**.

No correo electrónico incluiranse os seguintes arquivos:

- **Deseño do logotipo**, nun dos seguintes formatos: PDF, JPG, TIF, PSD, EPS ou AI, cunha resolución mínima de 300 × 300 píxeles (recomendándose a maior resolución posible).

  O nome do arquivo será o título ou lema do logotipo e **non deberá incluír datos persoais** (exemplo: *EEI50_125.psd*). Non se admitirán denominacións xenéricas como "Sen título" ou "logotipo1".

- **Arquivo en formato PDF**, co mesmo nome do deseño seguido da palabra "memoria" (exemplo: *EEI50_125_memoria.pdf*), que inclúa a memoria explicativa do logotipo e a súa ficha técnica (identificación de cores segundo nomenclatura habitual, tipografías, ferramenta informática empregada e calquera outro dato que facilite a súa reprodución).

- **Arquivo en formato PDF**, co mesmo nome do deseño seguido da palabra "_datos" (exemplo: *EEI50_125_datos.pdf*), no que figuren os datos da persoa autora: nome e apelidos, enderezo postal, correo electrónico e teléfono de contacto.

Os deseños que non cumpran estes requisitos non serán tidos en conta e quedarán excluídos do concurso.

10. Prazo de presentación

Aceptaranse propostas ata o día 6 de marzo de 2026 ás 23:59 horas.

11. Premio

De entre todos os deseños presentados, o xurado elixirá un que será o gañador do concurso. En caso de non acadarse un acordo, o concurso poderá declararse deserto.

O deseño gañador recibirá un premio de **500 euros**.

12. Difusión

A Escola de Enxeñaría Industrial difundirá a concesión do premio a través das súas canles habituais de comunicación e na súa páxina web.

13. Propiedade intelectual

O logotipo premiado pasará a ser propiedade exclusiva e permanente da Universidade de Vigo, que ostentará todos os dereitos de explotación do mesmo, podendo utilizalo, reproducilo, modificalo e adaptalo, total ou parcialmente, no momento e a forma que considere necesarios.

14. Aceptación das bases

A participación neste concurso implica o coñecemento e aceptación íntegra das presentes bases así como das modificacións que puidese realizar a organización. Calquera cuestión non prevista será resolta pola organización ou o xurado.

15. Xurado

O xurado será nomeado pola Dirección da Escola e estará formado por membros da Universidade de Vigo especialistas en imaxe, comunicación e deseño e persoal da Escola de Enxeñaría Industrial.

Criterios de valoración:

- Orixinalidade e creatividade (50%).

- Adecuación aos valores e principios da Escola de Enxeñaría Industrial e da Universidade de Vigo (30%).

- Memoria (20%).

16. Concurso deserto

O xurado resérvase a posibilidade de declarar o concurso deserto se considera que ningunha das obras presentadas cumpre os criterios de calidade esixidos.

17. Publicación do veredicto

O veredicto do concurso será inapelable e publicarase antes do 18 de marzo de 2026 na web oficial da EEI.

18. Publicación dos traballos

A documentación relativa ao traballo premiado quedará en poder da Universidade de Vigo, que poderá facer libre uso da mesma. Así mesmo, resérvase o dereito de publicación e difusión dos traballos presentados, citando a súa autoría, sen que iso xere dereito económico adicional. A documentación presentada non será devolta.